

ANUNCIO RELATIVO Á APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA SEXTA EDICIÓN DOS PREMIOS PROVINCIAIS Á XUVENTUDE, ANO 2022

A presidenta, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, ditou a Resolución presidencial número 2022001615, con data 3 de marzo de 2022, pola que se aproban as Bases reguladoras da sexta edición dos Premios Provinciais á Xuventude, ano 2022.

Esta convocatoria rexerese polas seguintes:

BASES REGULADORAS DA SEXTA EDICIÓN DOS PREMIOS PROVINCIAIS Á XUVENTUDE, ANO 2022

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, pon en marcha a sexta edición dos Premios Provinciais á Xuventude, coa finalidade de promover o talento e o potencial da xuventude da nosa provincia. Desta forma, preténdese estimular e recoñecer a traxectoria, o esforzo e o compromiso daquelas mozas e mozos que desenvolven un labor relevante nos distintos ámbitos obxecto desta convocatoria.

Ao longo das últimas cinco edicións a participación da mocidade foi en aumento, o que se constata a necesidade de que as administracións públicas promovan este tipo de iniciativas, para fomentar que a nosa xuventude continúe poñendo en valor o seu compromiso coa cultura, coas ciencias, coa iniciativa empresarial e coas artes.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 118.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que é competencia da Deputación a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento da cultura e, neste senso, convócanse estes premios co fin de promover a participación da xuventude da provincia.

Así mesmo, no artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega mediante intervencións que permitan acadar os obxectivos marcados nesta lei.

De conformidade co establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Así mesmo, no artigo 109.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Segundo o exposto e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións de acordo coas seguintes:

BASES XERAIS

Primeira. Obxecto

Aprobar as bases reguladoras da sexta edición dos Premios Provinciais á Xuventude, co fin de promover o seu talento e o seu potencial nas categorías recollidas na base segunda.

Segunda. Categorías e premios

Os premios que se convocan están dotados cun importe de trinta e dous mil (32.000,00) euros nas seguintes categorías:

1. Iniciativa social: 2.000,00 euros

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros
- Terceiro premio: 400,00 euros

2. Iniciativa empresarial: 4.000,00 euros

- Primeiro premio: 2.000,00 euros
- Segundo premio: 1.250,00 euros
- Terceiro premio: 750,00 euros

3. Educación en valores: 4.000,00 euros

- Primeiro premio: 2.000,00 euros
- Segundo premio: 1.250,00 euros
- Terceiro premio: 750,00 euros

O importe do premio deberase destinar na súa totalidade á adquisición de material, saídas educativas, proxectos escolares, bolsas para o alumnado ou calquera outra actividade que teña relación directa coa programación do centro.

4. Investigación: 4.000,00 euros

- Primeiro premio: 2.000,00 euros
- Segundo premio: 1.250,00 euros
- Terceiro premio: 750,00 euros

5. Contido audiovisual: 2.000,00 euros

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros
- Terceiro premio: 400,00 euros

6. Traballo musical: 4.000,00 euros

6.1 Música clásica: 2.000,00 euros

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros
- Terceiro premio: 400,00 euros

6.2 Outros xéneros: 2.000,00 euros

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros
- Terceiro premio: 400,00 euros

7. Traballo literario breve: 4.000,00 euros

7.1 Narrativa: 2.000,00 euros

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros
- Terceiro premio: 400,00 euros

7.2 Poesía: 2.000,00 euros

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros
- Terceiro premio: 400,00 euros

8. Banda deseñada: 2.000,00 euros

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros
- Terceiro premio: 400,00 euros

9. Fotografía orixinal: 4.000,00 euros

9.1 Serie fotográfica: 2.000,00 euros

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros
- Terceiro premio: 400,00 euros

9.2 Fotografía: 2.000,00 euros

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros

- Terceiro premio: 400,00 euros

10. Deseño e moda: 2.000,00 euros

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros
- Terceiro premio: 400,00 euros

Terceira. Persoas destinatarias e requisitos

3.1 Esta convocatoria está destinada a mozas e mozos de idades comprendidas entre os 16 e os 35 anos, en todas as categorías recollidas na base segunda, a excepción da modalidade de educación en valores, que está dirixida aos centros de educación secundaria da provincia de Pontevedra en cuxos proxectos participen alumnas e alumnos de idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos.

3.2 Poderán optar a estes premios as persoas físicas e xurídicas que cumpran os seguintes requisitos, segundo a categoría do premio:

a) Persoas físicas (para todas as categorías, excepto a 3)

- Ter unha idade comprendida entre os 16 e os 35 anos na data de presentación de solicitudes
- Estar empadroadas en calquera concello da provincia de Pontevedra
- Para as categorías 1 e 2, que o proxecto presentado leve en funcionamento polo menos un mes no momento da convocatoria destes premios

b) Persoas xurídicas (para as categorías 1 e 2)

- Ter a súa sede social na provincia de Pontevedra
- Categoría 1: que polo menos o 75 % dos membros (administración, xunta directiva) sexan persoas físicas con idades comprendidas entre os 16 e os 35 anos. Categoría 2: que polo menos o 75 % das persoas da entidade que desenvolve o proxecto social sexan persoas físicas con idades comprendidas entre os 16 e os 35 anos.
- Estar legalmente constituídas e inscritas no rexistro de entidades correspondente

- Que o proxecto leve en funcionamento polo menos un mes no momento da convocatoria destes premios
- c) Centro docente (para a categoría 3)**
- Centros de educación secundaria da provincia de Pontevedra
- d) Grupo musical (para a categoría 6)**
- Que as persoas que o integren teñan idades comprendidas entre os 16 e os 35 anos (admitirase a inscrición de grupos nos que polo menos o 75 % dos seus membros cumpran este requisito)
 - Que as persoas que o integren estean empadroadas na provincia de Pontevedra (polo menos o 75 % dos seus membros)

3.3 A participación supón a aceptación total das condicións fixadas nestas bases, e só a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, está facultada para dirimir calquera controversia derivada da súa interpretación.

3.4 A institución provincial queda eximida de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente relacionada coa propiedade intelectual na que poidan incurrir as persoas participantes.

Cuarta. Financiamento

A contía consignada para estes premios ascende a trinta e dous mil (32.000,00) euros, con cargo á aplicación 22/231.2311.481.01 do Orzamento provincial.

Quinta. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

Coa finalidade de garantir o anonimato dos proxectos, establécense dúas fases no procedemento: a primeira, de presentación de solicitudes e, unha vez validadas, a segunda, de presentación dos proxectos.

O procedemento para a presentación de solicitudes é o seguinte:

5.1 As persoas interesadas en participar preinscribíranse, preferiblemente por vía electrónica, a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

5.2 Opcionalmente, poderán presentarse as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, que, unha vez cuberto, xerará a solicitude en formato PDF, que se deberá imprimir e asinar para a súa presentación presencial.

5.3 As bases publicaranse conxuntamente co seu extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). O prazo de inscrición será de dous (2) meses e comezará a partir do día seguinte ao da súa publicación.

5.4 Cada solicitude incluírá un código único de preinscrición.

5.5 Admitirase só unha solicitude por persoa en cada unha das categorías.

Sexta. Comprobación de datos

6.1 Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas físicas ou xurídicas solicitantes
- NIF das persoas representantes, no seu caso
- Certificado de residencia das persoas físicas solicitantes
- Domicilio fiscal, no caso de persoas xurídicas

- Así mesmo, comprobarase que as persoas, entidades ou empresas participantes estean ao corrente das súas obrigas coa Axencia Estatal Tributaria, a Facenda autonómica, a Seguridade Social e a Deputación de Pontevedra

- No caso das persoas físicas que opten á categoría 2 (iniciativa empresarial), certificado de alta no réxime especial de traballadoras e traballadores autónomos

6.2 En caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

6.3 Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención destes datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Sétima. Documentación

7.1 As persoas interesadas deberán entregar coa solicitude a seguinte documentación, segundo corresponda:

- Se se opta á categoría 6 (traballo musical), para grupos, modelo normalizado de autorización para a comprobación de datos (anexo II) debidamente cuberto e asinado por todas as persoas integrantes do grupo

7.2 Persoas xurídicas:

Se se opta á categoría 1 (iniciativa social):

- Modelo normalizado de autorización para a comprobación de datos (anexo II) debidamente cuberto e asinado por todos os membros da xunta directiva ou polo equipo que desenvolve o proxecto
- Copia dos estatutos
- Copia do certificado de inscrición no rexistro correspondente

Se se opta á categoría 2 (iniciativa empresarial):

- Modelo normalizado de autorización para a comprobación de datos (anexo II) debidamente cuberto e asinado por todas as persoas socias
- Copia da escritura de constitución da sociedade e dos seus estatutos

- Copia do certificado de inscrición no Rexistro mercantil

Oitava. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emendas destas

8.1 Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferiblemente por medios electrónicos a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Opcionalmente, tamén se poderán tramitar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8.2 Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que nun prazo de dez (10) días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Novena. Características dos proxectos

9.1 As persoas participantes poderán concursar nunha ou en varias categorías cun único proxecto en cada unha delas.

9.2 Os proxectos ou traballos presentados deberán ser orixinais; entenderase por traballo ou proxecto orixinal aquel que non fose copiado, reproducido nin imitado, en todo ou en parte, doutro anterior.

9.3 Os proxectos presentados ás categorías traballo musical, traballo literario, banda deseñada, fotografía, e deseño e moda deberán ser inéditos; é dicir, non publicados ou que non se desen a coñecer ao público.

9.4 Non se poderán presentar traballos que, aínda que reúnan a condición anterior, xa se presentasen (ben completos ou unha parte deles) en anteriores edicións destes premios; no seu caso, quedarán automaticamente excluídos.

9.5 Un mesmo proxecto non poderá optar a máis dunha categoría; no seu caso, quedará automaticamente excluído todas elas.

9.6 Toda a información, documentos, datos, memoria, proxecto etc. que se presenten en papel deberán entregarse tamén obrigatoriamente en soporte dixital (USB ou outros).

9.7 Os proxectos presentaranse de forma anónima, agás as categorías 1, 2, 3 4 e 5; axustaranse ás características establecidas nas bases específicas de cada unha delas en función da categoría do premio ao que se opte.

Décima. Proxectos excluídos

Quedan excluídos do concurso:

- Os proxectos das persoas que non cumpran os requisitos establecidos na base terceira
- Os proxectos premiados en edicións anteriores dos Premios Provinciais á Xuventude ou noutros concursos ou certames convocados pola Deputación de Pontevedra
- Os proxectos presentados a máis dunha categoría nesta edición
- Os proxectos que non sexan orixinais e inéditos
- Todas as solicitudes e proxectos cuxa forma de presentación non se axuste ao establecido nestas bases

Os proxectos presentados que non reúnan as características establecidas para cada categoría nas bases específicas

Os proxectos presentados ás categorías traballo musical, traballo literario, cómic, fotografía, e deseño e moda, de carácter anónimo, que conteñan algún tipo de dato ou referencia que permita identificar a súa autoría.

Décimo primeira. Procedemento de admisión e presentación de proxectos

10.1 Unha vez recibida a solicitude de preinscrición por parte do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, en caso de admitirse a persoa solicitante recibirá un correo electrónico no que se lle indicará a validación desta e o código asignado ao seu proxecto, así como o modelo anónimo necesario para a presentación do proxecto segundo o previsto no seguinte punto.

10.2 A persoa solicitante deberá entregar o proxecto nunha oficina de rexistro da Deputación de Pontevedra, nun sobre pechado, xunto co modelo de presentación recibido por correo electrónico debidamente cuberto, no que é obrigatorio que conste a seguinte información:

- Categoría do premio ao que opta
- Subcategoría, no seu caso
- Título da obra
- Código do proxecto

10.3 O prazo para a presentación dos proxectos rematará o 15 de agosto de 2022.

10.4 Unha vez validada a solicitude, o Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra custodiará o emparellamento do código de preinscrición co código xerado ata que se coñeza o ditame do xurado, momento no que se realizará o dobre emparellamento de códigos e se coñecerá a autoría dos traballos premiados.

Décimo segunda. Xurado

12.1 A selección e concesión dos premios obxecto desta convocatoria realizaranse segundo a proposta dun xurado nomeado pola presidenta da Deputación ou pola deputada ou deputado en quen delegue.

12.2 O xurado estará integrado por representantes da Deputación e por profesionais externas e externos en cada unha das categorías dos premios, que axustarán a súa actuación ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).

12.3 O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios se considera que ningún dos traballos presentados ao concurso reúne os méritos suficientes para ser premiado. Así mesmo, tamén poderá declarar que se outorguen premios *ex aequo* e dividir o importe correspondente entre os proxectos gañadores, salvo que se poidan destinar remanentes doutras categorías que quedasen desertas.

12.4 Na composición do xurado procurarase que haxa unha presenza equilibrada de mulleres e homes.

12.5 Os membros do xurado percibirán os gastos de desprazamento que legalmente puidesen corresponderlles, que se estiman nun total de cincocentos (500,00) euros con cargo á aplicación orzamentaria 22/231.2311.226.06.

12.5 A composición do xurado farase pública na páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.gal), unha vez finalizado o prazo de presentación de proxectos.

12.6 As decisións do xurado son inapelables.

12.7 Unha vez revisadas as solicitudes por parte do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, as que non cumpran os requisitos establecidos nestas bases non serán admitidas a trámite e ditarase a oportuna resolución. As demais solicitudes remitiráselle ao xurado, que examinará e valorará as diferentes obras, propoñerá a adxudicación dos premios e redactará a proposta de resolución, que quedará recollida nunha acta.

Décimo terceira. Publicación de actos

A resolución derivada da decisión do xurado farase pública no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP, unha vez entregados os premios nun acto público, que terá lugar no último trimestre do ano.

Así mesmo, tamén se publicará na páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.gal).

Décimo cuarta. Proxectos premiados

14.1 A Deputación comunicarlles ás autoras e autores dos proxectos presentados en cada unha das categorías a data e a hora do acto público nas que se darán a coñecer as persoas gañadoras e se entregarán os premios, co fin de que poidan asistir a este ou designar a persoa que as representará se non poden estar presentes.

14.2 As persoas participantes aceptan, coa presentación dos seus proxectos a estes premios, colaborar con esta institución nas accións de difusión que se organicen e na cesión dos dereitos de edición á Deputación, que poderá levar a cabo as accións que considere oportunas encamiñadas á súa difusión, pero sempre farán constar a autoría.

14.3 O feito de participar nestes premios supón a autorización das persoas participantes para expoñer, reproducir ou publicar a imaxe ou o contido das obras presentadas por calquera medio que se estime oportuno, sen máis limitacións que as derivadas do Real decreto legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

14.4 Tras a publicación da resolución derivada da decisión do xurado, as e os gañadores deberán achegar a certificación do número de conta bancaria na que se ingresará o importe de cada un dos premios. Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 101 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto da renda das persoas físicas, a retención que se lles practicará ás e aos premiados que sexan persoas físicas será do 15 % do importe.

No suposto de ser menor de idade, a nai, o pai ou a persoa que exerza a súa titoría legal deberá indicar que autoriza a Deputación a pagar o premio, en caso de que se lle concedese.

Décimo quinta. Proxectos non premiados

A devolución dos proxectos presentados e non premiados efectuarase a petición das súas autoras ou autores ou das persoas debidamente autorizadas no prazo dun (1) mes, contado a partir do momento no que se faga pública a decisión do xurado.

Unha vez transcorrido ese prazo sen que estes se retirasen, entenderase que as súas autoras ou autores renuncian á súa devolución en favor da Deputación, que poderá destruílos ou darlles o destino que considere máis oportuno.

Para retirar os proxectos, que será sempre por conta da autora ou autor, deberá acreditarse a titularidade do proxecto solicitado mediante a presentación do DNI; en caso de que o recolla unha persoa distinta, esta deberá estar debidamente autorizada pola candidata ou candidato e terá que presentar un escrito de autorización e exhibir o DNI de ambos os dous.

Décimo sexta. Incumprimento das bases

A falsidade nos datos achegados polas persoas participantes no concurso dará lugar á exclusión inmediata do proxecto presentado. Se esta se puxese de manifesto tras a resolución do concurso e o proxecto afectado resultase premiado, o premio obtido quedará sen efecto e reintegraranse, no seu caso, as cantidades percibidas por tal concepto.

Décimo sétima. Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria implica a plena aceptación destas bases, sen ningún tipo de reservas, ademais de todas as resolucións que adopte a Deputación.

Todas as cuestións que poidan derivar da interpretación destas bases resolveraaas o Servizo de Cohesión Social e Xuventude. En todo o que non estea previsto nestas bases o xurado queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos que se estimen necesarios para o efecto.

Décimo oitava. Autorización para a difusión de imaxes

No formulario de solicitude as persoas solicitantes poderán autorizar ou denegar expresamente a toma de imaxes que se poidan realizar na entrega dos premios, que poderán ser obxecto de publicación por parte da Deputación de Pontevedra.

Décimo novena. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésima. Réxime xurídico

Esta convocatoria rexeráse por estas bases reguladoras. Supletoriamente, aplicarase o disposto na LXS; na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria, de 28 de outubro de 2016, e publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016; as bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra; e na demais normativa de aplicación.

Así mesmo, rexeráse pola LPACAP, pola LRXSP e demais normas de dereito administrativo e, na súa falta, polas normas de dereito privado.

Vixésimo primeira. Recursos

Contra o acordo de aprobación destas bases, que lle pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112, 123 e 124 da LPACAP), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

BASES ESPECÍFICAS

Primeira. Iniciativa social

1.1. Deberá ser un proxecto específico xestionado de maneira autónoma por persoas que sexan integrantes dunha entidade do ámbito social ou equivalente, dirixido a persoas maiores, mulleres, mocidade, persoas con discapacidade, que non sexa obxecto de subvención por esta institución nin por ningunha outra Administración pública. Os proxectos que opten á convocatoria deberán levar como mínimo un mes en funcionamento.

1.2 As candidaturas deberán presentar o seu proxecto axustándose, como mínimo, ao que se indica a continuación:

- Descrición da iniciativa posta en marcha pola que se opta ao premio, que terá unha extensión máxima de cinco páxinas a unha soa cara cos seguintes apartados:
 - Nome da iniciativa
 - Nome da persoa ou entidade que desenvolve a iniciativa
 - Fin social/persoas beneficiarias
 - Persoas implicadas e perfís profesionais
 - Data de inicio da iniciativa
 - Fundamento e obxectivos da iniciativa
 - Resultados obtidos
 - Relación das evidencias que se achegan (fotografías, recortes de prensa, documentos, soportes dixitais —coma USB—, entre outros)

1.3 Valoraranse, entre outros aspectos, a claridade, a concreción e a innovación da iniciativa, ademais da súa proxección e do seu impacto social. Teranse en conta aquelas medidas destinadas a favorecer a igualdade, a promoción e a inclusión social das persoas ou a eliminación da pobreza, así como os proxectos e as iniciativas que fomenten a economía circular ou a eliminación ou a reutilización de residuos.

Segunda. Iniciativa empresarial

2.1 As candidaturas deberán presentar o seu proxecto axustándose, como mínimo, ao que se indica a continuación:

- Descrición da iniciativa empresarial posta en marcha pola que se opta ao premio. A extensión máxima será de cinco páxinas a unha soa cara cos seguintes apartados:
 - Nome da empresa ou do proxecto empresarial
 - Data de constitución ou de creación
 - Descrición da actividade empresarial
 - Descrición dos produtos ou dos servizos ofertados
 - Resultados obtidos ou primeiros datos de facturación
 - Relación de evidencias que se achegan (memoria de execución, fotografías, recortes de prensa, documentos, soportes dixitais —coma USB—, entre outros)

2.2 Valoraranse, entre outros aspectos, a claridade, a concreción e a innovación da iniciativa, ademais da súa proxección e do seu impacto social. Tamén se terán en conta aquelas medidas destinadas a favorecer a igualdade de xénero na empresa, a inclusión e a conciliación laboral e familiar, así como as medidas que se adopten para a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a dixitalización.

2.3 En todo caso, os proxectos que opten á convocatoria deberán levar como mínimo un mes en funcionamento.

Terceira. Educación en valores

3.1 Poderán optar a este premio os centros de educación secundaria da provincia de Pontevedra que presenten proxectos ou iniciativas de educación en valores, executados durante os cursos escolares 2020-2021 ou 2021-2022, nos que participasen alumnas e alumnos de entre 12 e 18 anos de idade; que teñan como finalidade a promoción da igualdade entre mulleres e homes, fundamentalmente a través do desenvolvemento de habilidades para a identificación e o rexeitamento dos estereotipos sexistas que contribúen a perpetuar as desigualdades de xénero, ademais da adopción de medidas centradas na prevención da violencia de xénero e na resolución pacífica de conflitos, ou en calquera outra temática encamiñada a promover valores entre a mocidade, facilitar o seu compromiso social, convivencia e formación e na loita contra o cambio climático.

3.2 As candidaturas deberán presentar o seu proxecto axustándose, como mínimo, ao que se indica a continuación:

- Descrición da iniciativa posta en marcha pola que se opta ao premio. A extensión máxima será de cinco páxinas a unha soa cara cos seguintes apartados:
 - Nome da iniciativa
 - Centro educativo no que se desenvolve
 - Nome das e dos docentes da iniciativa
 - Data de inicio e finalización da iniciativa
 - Número de alumnas e alumnos implicados
 - Número das e dos docentes implicados
 - Fundamentos e obxectivos da iniciativa
 - Descrición da iniciativa
 - Resultados obtidos
 - Relación de evidencias que se achegan (memoria de execución, fotografías, recortes de prensa, documentos, soportes dixitais —coma USB—, entre outros)

3.3 Valoraranse aspectos coma o fomento da tolerancia, o respecto, a non violencia, a educación en valores e a formación e o desenvolvemento en intelixencia emocional e habilidades sociais executadas durante os últimos tres cursos escolares, que teñan como finalidade a consecución da non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, ademais da prevención do acoso escolar e do ciberacoso.

Tamén se valorarán, entre outros aspectos, a claridade, a concreción e a innovación dos proxectos e traballos presentados e a súa proxección e impacto social, ademais da participación e implicación activa do alumnado; apreciarase, en liñas xerais, a súa contribución á resolución pacífica de conflitos, a integración social e a prevención da violencia e a implantación de medidas que difundan os obxectivos de desenvolvemento sostible, entre outros.

Cuarta. Investigación

4.1. Poderán presentarse nesta categoría aqueles proxectos de investigación no ámbito das ciencias e humanidades (ciencias, artes, letras, xurídicos etc.) realizados en centros de investigación ou universidades galegas.

Poderán ser traballos xa rematados, presentados e publicados (incluídos os traballos fin de grao) ou proxectos en fase de investigación avanzada.

As candidaturas deberán presentar o seu proxecto axustándose, como mínimo, ao que se indica a continuación:

- Descrición memoria e características. A extensión máxima será de cinco páxinas a unha soa cara cos seguintes apartados:
 - Nome do proxecto de investigación
 - Autoría
 - Data de inicio e finalización, se procede
 - Enderezo electrónico, se estivese publicado
 - Data da publicación, se procede
 - Cualificación obtida (TFG)
 - Obxecto e fundamentos do contido

- Relación de evidencias que se achegan (memoria de execución, documentos, soportes dixitais —coma USB—, entre outros)

Valoraranse aspectos coma a innovación, a relevancia científico-tecnolóxica e a súa contribución ao avance do coñecemento no seu campo, a orixinalidade da proposta e os seus aspectos innovadores, así como a vinculación do obxecto desta cos sectores estratéxicos produtivos ou os aspectos de carácter social, humano ou patrimonial de relevancia para a provincia.

De forma complementaria terase en conta a identificación realista dos obxectivos, a claridade e coherencia das propostas científicas, a metodoloxía de traballo deseñada, o coñecemento das fontes de datos, a verificación da súa fiabilidade e a previsión da difusión dos resultados.

Quinta. Contido audiovisual

Poderán presentarse nesta categoría aqueles proxectos de contido audiovisual de actualización frecuente, participativos e con polo menos dez entradas editadas, que promovan a educación en valores, a formación e transmisión de coñecemento, a difusión de iniciativas de carácter social, cultural ou deportivo e a difusión de proxectos e iniciativas de voluntariado a través das novas tecnoloxías, o impulso de medidas que promovan a igualdade de xénero, e a difusión de obxectivos de desenvolvemento sostible e a loita contra o cambio climático.

As candidaturas deberán presentar o seu proxecto axustándose, como mínimo, ao que se indica a continuación:

- Descrición e características do contido dixital polo que se opta ao premio. A extensión máxima será de dúas páxinas a unha soa cara cos seguintes apartados:
 - Nome do proxecto
 - Autoría
 - Data de inicio e creación
 - Dirección electrónica do contido (URL)
 - Data da primeira publicación
 - Número de entradas editadas
 - Idioma
 - Obxecto e fundamentos do contido
 - Descrición dos elementos 2.0 empregados



- Relación de evidencias que se achegan (memoria de execución, fotografías, recortes de prensa, documentos, soportes dixitais —coma USB—, entre outros)

Valoraranse aspectos como a orixinalidade dos temas propostos, a claridade dos contidos e o impacto social; tamén a implicación dos proxectos na promoción da igualdade, da educación en valores, da formación, do asesoramento e da realización de actividades de voluntariado, culturais e deportivas dirixidas á xuventude, entre outros; ademais, acreditarase a súa actualización frecuente.

Sexta. Traballo musical

6.1 Música clásica: as candidaturas poderán presentar un único tema orixinal, instrumental ou con letra (en calquera idioma), cunha duración mínima dun minuto e máxima de cinco minutos.

6.2 Outros xéneros: as candidaturas poderán presentar un único tema orixinal, instrumental ou con letra (en calquera idioma), cunha duración mínima dun minuto e máxima de cinco.

6.3 En caso de que a duración da obra fose superior ao máximo establecido, poderase presentar un fragmento desta adaptado á duración esixida.

6.4 As candidaturas deberán presentar, ademais da obra orixinal en soporte dixital —coma USB—, unha memoria descritiva do proxecto que inclúa, como mínimo, o que se indica a continuación.

- Descrición cunha extensión máxima de dúas páxinas a unha soa cara cos seguintes apartados:
 - Data de creación da obra
 - Dirección electrónica de acceso (URL), no seu caso
 - Estilo musical
 - Letra (se a tivese)
 - Instrumentos musicais empregados
 - Descrición da formación e experiencia musical da persoa solista ou das persoas integrantes do grupo, no seu caso (perfil da persoa ou persoas autoras no que se omita calquera dato ou referencia que permita a súa identificación)
 - Relación de evidencias que se achegan (letra do tema debidamente mecanografada, no seu caso, ou soportes dixitais —coma USB—, entre outros)

6.5 Valoraranse, entre outros aspectos, a orixinalidade e a calidade do tema musical e da letra, no seu caso, e o traballo de composición, así como a calidade da interpretación.

Sétima. Traballo literario

7.1 Narrativa. As candidaturas poderán presentar un relato de temática e estilo libre, en galego ou en castelán, que reúna as seguintes características:

Extensión: mínimo de dúas e un máximo de cinco páxinas A₄, numeradas, cun interliñado de 1,5, marxes (superior, inferior, dereita e esquerda) de 2 cm e con letra Times New Roman a tamaño 12

Teranse en conta, entre outros aspectos, a correcta utilización da gramática, o uso de figuras retóricas e literarias, a calidade e a orixinalidade da temática.

7.2 Poesía. As candidaturas poderán presentar unha poesía de temática e estilo libre, en galego ou en castelán, que reúna as seguintes características:

Extensión: un mínimo de dúas e un máximo de cinco páxinas A₄, numeradas, cun interliñado de 1,5, marxes (superior, inferior, dereito e esquerdo) de 2 cm e con letra Times New Roman a tamaño 12

Valoraranse, entre outros aspectos, a correcta utilización da gramática, o uso de figuras retóricas e literarias, a calidade e a orixinalidade da temática.

Oitava. Banda deseñada:

As candidaturas poderán presentar unha obra de temática e estilo libre, con deseños en cor ou en branco e negro, con ou sen textos, en galego ou en castelán, que reúna as seguintes características:

Extensión: un mínimo de dúas e un máximo de cinco páxinas A₄, numeradas, con deseños en cor ou en branco e negro

Valoraranse, entre outros aspectos, a calidade e a orixinalidade da temática e dos deseños e as técnicas empregadas.

As candidaturas deberán presentar, ademais da obra orixinal en soporte dixital —como USB—, unha memoria descritiva do proxecto que se axuste, como mínimo, ao que se indica a continuación:

- Descrición cunha extensión máxima de unha páxina a unha soa cara cos seguintes apartados:
 - Título da obra
 - Data de creación
 - Idioma
 - Técnicas de deseño empregadas, no seu caso
 - Breve xustificación conceptual da obra (que permita valorar o proceso investigador e creativo de forma obxectiva)
 - Descrición da formación e experiencia da ou do autor (perfil no que se omita calquera dato ou referencia que permita a súa identificación)
 - Relación de evidencias que se achegan (soportes dixitais —coma CD ou USB—, entre outros)

Novena. Fotografía

9.1 Serie fotográfica: as candidaturas poderán presentar un conxunto de fotografías orixinais e inéditas, que inclúa un mínimo de tres fotografías e ata un máximo de dez, relacionadas entre si, de temática libre, obtidas por calquera técnica fotográfica, en branco e negro ou en cor, tomadas con cámara dixital ou con sistemas tradicionais.

9.2 Fotografía orixinal: as candidaturas poderán presentar unha fotografía orixinal e inédita de temática libre, obtida por calquera técnica, en branco e negro ou en cor, tomada con cámara dixital ou con sistemas tradicionais.

9.3. As candidaturas deberán presentar as obras obrigatoriamente en formato papel e en soporte dixital (coma USB), axustándose ao que se indica a continuación:

O tamaño da fotografía ou fotografías será de 15 x 20 cm (a orixinal pode ter outras medidas)

Non se admitirán composicións fotográficas nin montaxes

Os soportes dixitais (coma USB) levarán rotulado no exterior unicamente o nome da fotografía. Non se admitirán as fotografías que conteñan formato **EXIF (exchangeable image file)**, un arquivo de imaxe intercambiable

As fotografías en formato papel levarán o nome da obra escrito no seu reverso. Non se admitirán as que estean montadas en calquera tipo de marco ou en soporte ríxido ou semirríxido de protección, sexa de cristal ou de plástico

9.4 Non se admitirán as fotografías realizadas con dispositivos móbiles

9.5 Ademais da obra orixinal, as candidaturas deberán presentar unha memoria descritiva desta, axustándose, como mínimo, ao que se indica a continuación:

- Descrición cunha extensión máxima de dúas páxinas a unha soa cara cos seguintes apartados:
 - Título da obra
 - Relación numerada de fotografías, no seu caso
 - Data de realización
 - Técnica e equipamento fotográfico empregados
 - Dimensións orixinais
 - Descrición da formación e experiencia da ou do autor (perfil no que se omita calquera dato ou referencia que permita a súa identificación)
 - Xustificación conceptual da obra (que permita valorar o proceso investigador e creativo de forma obxectiva)
 - Outros aspectos técnicos que a autora ou autor considere relevantes
 - Relación de evidencias que se achegan (soportes dixitais —coma USB—)

Décima. Deseño e moda

10.1 As candidaturas poderán presentar un proxecto orixinal e inédito de deseño de artesanía, xoiería, téxtil e complementos de moda ou similar.

10.2 Os proxectos presentados a esta categoría deberán entregarse obrigatoriamente en soporte dixital (coma USB), axustándose ao que se indica a continuación:

Proxectos de deseño orixinais dun único elemento ou dunha colección de elementos, ata un máximo de cinco, relacionados entre si.

Os proxectos deben conter bosquexos dos deseños orixinais e, no seu caso, fotografías do elemento ou dos elementos resultantes, que se presentarán en formato de imaxe dixital (JPG, PNG etc.)

10.3 Ademais da obra orixinal, as candidaturas deberán presentar unha memoria descritiva desta, axustándose, como mínimo, ao que se indica a continuación:

- Descrición cunha extensión máxima de dúas páxinas a unha soa cara cos seguintes apartados:
 - Título do proxecto de deseño, no que se indique o nome do elemento ou da colección, no seu caso
 - Relación numerada de bosquexos e fotografías que conforman o proxecto, no seu caso
 - Data de realización
 - Descrición do proxecto: estilo, influencias e resultados, no seu caso (que permita valorar o proceso investigador e creativo de forma obxectiva)
 - Técnicas e equipamento empregados
 - Descrición da formación e experiencia da ou do autor (perfil no que se omita calquera dato ou referencia que permita a súa identificación)
 - Relación de evidencias que se achegan (soportes dixitais —coma USB—, entre outros)